

Membros Xunta Directiva

Presidente: *Fernando Suárez*
Vicepresidente: *María Cortés*
Tesoureiro: *José M. Nogueira*
Secretaria: *Maheka Carella*

Vocal: *Francisco García*
Vocal: *Chus Santamariña*
Vocal: *Amaya García*
Vocal: *Mª José Roca*
Vocal: *Francisco Arnos*
Vocal: *José Antonio Rodal*

Extracto da sesión celebrada pola asemblea ordinaria da ANPA Brigantium do CEIP Francisco Vales Villamarín o día 29 de maio de 2012

Comeza a asemblea en segunda convocatoria ás 19:00 h, con 43 pais/nais presentes e os seguintes membros da xunta directiva: Fernando Suárez, María Cortés, José M. Nogueira, Francisco García, Carmen Calatayud, Amaya García, Mª José Roca, Francisco Arnos, José A. Rodal e Maheka Salazar. Segundo a orde do día previsto, os temas tratados foron:

1. Aprobación do acta anterior, se procede. Sométese a aprobación a acta da asemblea celebrada o 30 de Setembro de 2011, cuxo borrador pendente de probación foi publicado con anterioridade no blog da ANPA e no taboleiro de anuncios que esta posúe na porta principal do colexio e así se lles comunicou tanto aos socios desta ANPA, como ao resto dos pais/nais do colexio. Apróbase a acta por unanimidade e sen comentario algún por parte dos asistentes presentes no momento da votación.

1.1 Contestación ás suxestións e aspectos xurdidos na última asemblea do 30 de setembro de 2011

— Suxestión de que as actas das asembleas e os boletíns mensuais sexan en castelán e en galego.

A utilización do galego como única lingua de comunicación da ANPA cos seus afiliados está sustentada nun informe de 2008 do Equipo de Normalización Lingüística do CEIP Fco. Vales Villamarín, onde se reflicte a continua perda de uso do galego dentro do colexio, afectando negativamente ao feito de conseguir as competencias lingüística necesarias para conseguir os obxectivos marcadas tanto no Proxecto Educativo do Centro (PEC) como na propia Lei de Normalización Lingüística.

Comunicábase á asemblea que solicitado un novo informe (2012), o Equipo de Normalización Lingüística do CEIP conclúe que a situación no centro en relación ao uso do galego, lonxe de mellorar empeora ano tras ano, polo que dende a xunta directiva ANPA decidese continuar co uso do galego en aras de axudar á normalización desta lingua e colaborar na consecución das competencias lingüística establecidas no PEC e na Lei.

— Que os cheques das axudas de comedor no retiradas no tempo estipulado se utilicen para atender as necesidades propias do comedor xa que algún mobiliario non está en moi bo estado.

Informábase de que as axudas non cobradas polos pais despois do período aprobado en asemblea, úsanse na mellora e nas necesidades do comedor. Informábase así mesmo que a xunta directiva está a traballar na mellora do mobiliario do comedor, intentando captar fondos doutros estamentos (Concello e Xunta de Galicia).

— Reforzar a limpeza dos aseos, principalmente da zona de infantil do edificio de primaria.

Despois de tratar este tema co Concello de Betanzos xunto coa Dirección do Centro, infórmasenos que esta zona de aseos ten reforzo de limpeza pero que tanto o estado de antigüidade dos baños como a masificación do centro, fai que a imaxe dos mesmos sexa boa, coma así se evidenciou nas inspeccións visuais feitas por membros da nosa xunta directiva. Infórmasese que se está a traballar na remodelación de todos os aseos de primaria para darlle solución a este tema.

2. **Balance estado de contas.** Infórmase que o saldo das contas da ANPA a finais do curso 2011-2012 ascende a 23.629,59€, importe que inclúe o saldo transferido pola Asociación Deportiva e Cultural Vales Villamarín en setembro de 2011. A data da asemblea a xunta directiva aínda está pendente de recibir o cheque de axudas de comedor correspondente ao período xaneiro-xuño 2011, cuxa cantidade ascende a 6.389,30€.

3. Xestión do Comedor e Madrugadores. Reparto axudas

3.1. Xestión de Comedor e Mañanceiros. Infórmase do número de alumnos usuarios do servizo de comedor: 126 fixos, nas diferentes modalidades e 42 que fixeron uso esporádico do mesmo. No servizo de mañanceiros son 19 alumnos os que usan o servizo de almorzo e gardería, 10 de gardería sen almorzo e 32 foron os que fixeron uso esporádico do servizo.

O contrato do servizo de comedor coa empresa EUREST-SCOLAREST remata en xuño de 2013, polo que se informa que durante este curso continuaremos co mesmo servizo de comedor. Sen embargo, na intervención do responsable do comedor da ANPA ponse de manifesto a inquietude da mesma por investigar e analizar outras propostas en aras de conseguir unha mellor calidade e prezos máis baixos.

Infórmase que, de acordo co contrato firmado con EUREST en 2011, este curso será de aplicación o incremento do IPC do convenio de hostalería que é dun 2,1%

3.2. Servizo Mañanceiros. A xunta directiva actual aposta por que sexa o Concello o que leve o Servizo de Mañanceiros, como ocorre noutros Concello limítrofes. De momento e ante a falta de acordos co Concello de Betanzos a xunta directiva da ANPA tratará de incorporar, o servizo de mañanceiros dentro do mesmo contrato do servizo de comedor e así poder acceder a un mellor prezo e servizo. Isto terá que espera á nova redacción do próximo contrato.

Asemade, infórmase da redución aproximada dun 20% nas cotas de mañanceiros para o curso 2012-2013, quedando a mensualidade da seguinte maneira:

- fixo gardería e almorzo 40€
- fixo gardería 30€
- esporádico 2,20€

3.3. Reparto de axudas. Infórmase que o reparto do cheques (subvención Xunta de Galicia, período Xaneiro-Xuño 2011), levarase a cabo ao longo do mes de Xuño 2012, en data sen determinar a día de asemblea. O reparto das axudas farase de forma proporcional á asistencia dos alumnos ao servizo de comedor durante o período Xaneiro-Xuño 2011.

Propónse, en base a anos anteriores, o non reparto de axudas inferiores a 10€/familia, quedando esta cantidade na ANPA para melloras de comedor.

Sométese a proposta a votación con seguinte resultado: 55 persoas presentes no momento da votación, 48 votos a favor, 2 votos en contra, e 5 abstención. A proposta quedou aprobada.

Infórmase que a data e hora para a entrega de cheques publicárase no boletín mensual, no blog e no taboleiro da ANPA no CEIP. Lébraselle a todos os presentes que o prazo para poder retirar os cheques expira o 31 de decembro deste ano en curso.

4. **Axendas escolares.** Para o curso 2012-2013, informase que a cargo da ANPA repartiranse axendas escolares entre tódolos nenos/as do 2º e 3º CICLO de educación primaria, sexan ou non socios da ANPA. Insistese o importante do uso das axendas tanto como canle de comunicación entre as nais/pais, como medio de adquisición de hábitos de planificación e organización das tarefas por parte do alumnado.

5. Información sobre el curso 2011-2012.

5.1. Proxecto instalación gasoleira nas inmediacións do colexio.

Infórmase que recolléronse 4.004 firmas por parte da ANPA en contra da instalación dunha gasoleira nas inmediacións do colexio. O apoio da cidadanía, así como de tódolos partidos políticos locais e do goberno do Concello de Betanzos botaron atrás este proxecto.

5.2. Simulacro evacuación.

Infórmase que con data 13 de xaneiro de 2012, coa colaboración do corpo de bombeiros, levouse a cabo un simulacro de evacuación do colexio. No simulacro, que consistiu na simulación dun incendio, logrouse evacuar os edificios en 4 minutos, o recinto escolar en 6 e en 10 minutos todos os nenos e adultos estaban reunidos nos puntos de concentración programados. O resultado do mesmo considerouse satisfactorio e recibiu o recoñecemento por parte dos bombeiros participantes no simulacro. Está planificado un novo simulacro para o curso 2012-2013.

5.3 Resumen de actividades levadas a cabo. Expuxéronse, con detalle, todas as actividades desenvolvidas tanto no recinto escolar coma fóra del, ao longo do curso 2011-2012. Dende a ANPA fíxose un chamamento a nais/pais/titores para que se involucren activamente nas actividades que van dirixidas a eles. Entre as actividades programadas destácanse as xornadas de formación de pais "Educar a Liberdade", realizadas quincenalmente, así como a I Xornada de Formación e Sensibilización sobre a Atención á Diversidade". Mencionouse tamén a recollida e doazón de libros de texto a familias desfavorecidas, a través da Cruz Vermella e notificouse que non se puido levar a cabo o certame pintura e debuxo infantil FERTIBERÍA, que estaba planificado, xa que pasou a ter carácter bianual e non houbo convocatoria para o ano 2011. No Nadal celebrouse unha exhibición de baile, teatro e ximnasia a cargo dos nenos/as do colexio e tamén estivo no colexio o clown galego Peter Punk.

5.4. "I Xornada de Formación e Sensibilización sobre a Atención á Diversidade". Informouse da organización destas xornadas no mes de abril, entre o Concello, o CEIP Fco. Vales Villamarín e a ANPA Brigantium. As xornadas, que estaban dirixidas a mestres e pais, contaron coa colaboración de especialista de prestixio en Atención á Diversidade.

Na información obtida das enquisas apreciouse a boa acollida que tiveron as xornadas entre os asistentes, animando aos organizadores a seguir por este camiño. Despois dun pequeno vídeo das xornadas, dende a ANPA falou da importancia que ten que os pais nos involucremos neste temas, xa que todos estamos dunha maneira ou doutra afectados por esta realidade. Conclúese este apartado trasladando aos asistentes á asemblea a intención, tanto da ANPA, como da Dirección do Colexio de continuar por esta senda aberta e converter estas xornadas nunha cita anual no futuro inmediato.

6. **Situación colexio novo de infantil.** Neste punto recórdaselles aos asistentes do compromiso inicial da Xunta de Galicia de financiar as obras do colexio entre os exercicios de 2012 e 2013, estando previsto o inicio das obras no verán de 2012 para poder conseguir que o colexio estea en funcionamento a principios do curso 2013-2014. Dado o avance do proxecto a xunta directiva considera que esta planificación é irreal e que sufrirá varios retrasos.

Asemade a xunta directiva informa que se dirixiu por escrito á Consellería de Educación solicitando detalles e aclaracións

Por parte da ANPA conséguese un compromiso por parte do Concello de Betanzos para facer un seguimento deste proxecto.

7. Situación aumento de matrícula curso 2012-2013. Infórmase que a estimación de alumnado para o curso 2012-2013 é de 990 alumnos. En educación infantil espérase a 308 alumnos e a 682 en primaria. Existen problemas de ratio en 2 cursos:

En 4º de educación infantil hai 3 solicitudes por encima de la ratio (25alumnos/aula)

En 6º de educación primaria hai 2 solicitudes por encima de la ratio, más 4 alumnos repetidores, que non contan para o establecemento das ratios.

Con anterioridade á publicación do BOE do 21 de abril de 2012, onde se autoriza un aumento do 20% na ratio, estas previsións obrigaban á instalación de dúas aulas prefabricadas por exceso de ratio. Este aumento da ratio establecido na lei, non só evitaría a instalación das aulas prefabricadas se non que ademais querían 3 aulas máis libres.

Con data 25 de abril de 2012 o Presidente da Xunta de Galicia anuncia que non aplicará esta ratio no territorio galego, agás en casos moi excepcionais.

O 2 de maio de 2012, a petición da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, reúnense o Xefe Territorial, o Inspector de Zona, a Dirección de Colexio, o Alcalde de Betanzos e a ANPA Brigantium, concluíndo non instalar as aulas prefabricadas, debido ao seu elevado custe e pola contra dotar de certas contrapartidas ao colexio. As contrapartidas son:

- Máis horas de profesorado PT
- Activación do proxecto Plan Abalar
- Activación do proxecto de Mellora de Bibliotecas Escolares
- Aumento de encerados dixitais e ordenadores portátiles
- Remodelación salón de actos
- Mobiliario novo para comedor, sala de mestres e outras dependencias
- Renovación de tódolos aseos do edificio de primaria

Todas estas acción levaranse a cabo ao longo do verán de 2012, coa excepción da renovación dos aseos, que haberá que esperar ao Nadal de 2012, á espera de asinarlle unha partida orzamentaria no último trimestre do ano.

8. Actividades Extraescolares. Fíxose un breve resumo das actividades levadas a cabo ao longo do curso, mostrando a evolución positiva en canto ao número progresivo de inscrición durante os últimos 4 anos. Actualmente se está atendendo a 330, cifra que duplica á de hai 4 anos.

Infórmase que a xornada de Exhibición Fin de Curso terá lugar o sábado 2 de xuño e que o 10º Torneo Interaulas será o sábado 9 de xuño, que consistirá por primeira vez dende a súa primeira edición, nunha competición multideporte.

Preséntase a proposta de calendario para o curso 201-2013. Mantense a mesma oferta que no curso 2011-2012, cunha novidade: Cociña Creativa para nenos/as entre 5 e 12 anos. A oferta cuantifícase en 42 horas de actividades á semana. 2 horas máis que no curso anterior.

Anúnciase tamén a proposta de xornadas como: Concurso de Debuxo e Pintura Infantil FERTIBERIA, Actuación de Mago ou Monicreques, II Xornadas de Atención á Diversidade e Accións formativas para pais, pendentes de concretar

Infórmase, tamén, do mantemento de contacto coa ANPA O Carregal do IES Fco. Aguiar, para que valoren a posibilidade de darlle continuidade as actividades extraescolares levadas a cabo no Vales Villamarín, concretamente, Ximnasia Rítmica, Fútbol Sala, Tiro con Arco e Banda de Música, todas para nenos/as entre 12 e 16 anos.

9. **Reorganización da xunta directiva 2012-2013. Altas e baixas.** Infórmase que cara ao curso 2012-2013, causan baixa tres membros da xunta directiva. Incídese en que a participación dos pais no día a día do funcionamento do colexio é fundamental, animando aos presentes na asemblea a que formen parte da nova xunta directiva que sairá a partir da asemblea de inicio do curso 2012-2013-

10. **Suxestións e preguntas.** Tomouse notas das seguintes:

- a) Revisión do servizo de comedor, asegurar o nivel de calidade da comida xa que hai sospeitas de que inclúese menos cantidade de peixe no menú que outros anos atrás. Deixase constancia de que ata esta data non houbo ningunha reclamación desta índole. Na próxima asemblea darase conta deste tema.
- b) Apúntase a posibilidade de retomar a realización de festas (entroido, magosto, etc) e excursión para o alumnado. Infórmase que a actual xunta directiva descartou celebrar este tipo de actividade, centrando a súa labor noutros aspecto ou tipo de actividades máis formativas. En calquera caso valorarase de novo esta suxestión cara o curso que vén.
- c) Deixase notar certa alarma sanitaria en torno á situación actual do centro, e concretamente na área dos aseos. Fálase da posibilidade dunha auditoría ou inspección sanitaria. Dende a xunta directiva incídese que o aspecto e situación dos aseos está ligada directamente á antigüidade das instalación e a masificación do centro, máis que á limpeza dos mesmos. A xunta directiva cree que coa renovación de todos os aseos do edificio de primaria minimizarase significativamente este problema. A obra é considerada de máxima importancia ao igual que a construción do colexio novo de infantil
- d) Suxírese un novo deseño das axendas escolares que as fagan máis prácticas. Dado que as axendas para este curso 2012-2013 xa están pedidas, esta petición estudarase máis adiante.
- e) Denuncia de posible risco de accidente diario na manobra de aparcamento dos buses entre as 8:00 e as 8:15. Os autobuses dan marcha atrás e xiran para poder volver a saír por onde entraron. A esas horas todavía no hai garda municipal no colexio. A xunta directiva comprométese a canalizar esta queixa e facerlle un seguimento.
- f) Suxírese que se retome o proxecto de "Ir andando ao Cole", no que hai 2 anos xa estivo traballando a xunta directiva da ANPA. Retomarse este tema en coordinación co Concello de Betanzos.
- g) Solicítase información e certa flexibilidade á hora de retira os cheques de comedor. Pola contra a xunta directiva solicítalle aos pais máis compromiso á hora de retiralos en tempo e forma. Infórmase de que en caso de no poder asistir a retirada do cheque o día estipulado, o titular do cheque pode delegar a súa retirada noutra persoa previa autorización firmada.

Sen máis suxestión, nin preguntas, péchase a sesión as 20:45h